

**RESOLUCIÓN DO 15 DE NOVEMBRO DO 2024 DO DIRECTOR XERAL DA CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A. POLA QUE SE LEVANTA A INTERRUPCIÓN TEMPORAL DA TRAMITACIÓN DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO POLA RESOLUCIÓN DO 30 DE NOVEMBRO DE 2023 (DOG nº 230, DO 4 DE DECEMBRO DE 2023) POLA QUE SE CONVOCA O PROCESO SELECTIVO POLA QUENDA DE ACCESO LIBRE E MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, PARA O INGRESO COMO PERSOAL LABORAL FIXO EN DIVERSAS CATEGORÍAS**

A Resolución do 16 de febreiro do 2024 desta Dirección Xeral interrompeu temporalmente a execución do proceso selectivo convocado pola Resolución do 30 de novembro do 2023 para a cobertura, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso-oposición, de 13 prazas como persoal laboral fixo en diversas categorías da Corporación.

Unha vez que se teñen publicadas as listas definitivas de méritos do proceso excepcional de estabilización, convocado ao abeiro do establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola Resolución do 29 de decembro do 2022 cómpre proceder á reactivación do proceso interrompido.

A dita reactivación trae causa nos tempos de execución necesarios para o desenvolvemento dun proceso de dúas fases (concurso e oposición), e da necesidade de cumprir os prazos legais de execución da OPE da que derivan as ditas prazas, todo o anterior en prexuízo tanto das persoas aspirantes matriculadas, como dos intereses da corporación no mantemento dun emprego estable e de calidade.


En consecuencia e, en virtude das razóns expostas, a Dirección Xeral da Corporación RTVG, **levanta a interrupción temporal** do proceso selectivo convocado pola Resolución do 30 de novembro de 2023, e anunciado no DOG do 4 de decembro de 2023, pola que se convoca o proceso selectivo pola quenda de acceso libre mediante o sistema de concurso-oposición para o ingreso como persoal laboral fixo en diversas categorías nos seguintes termos:

**PRIMEIRO.** O levantamento da interrupción prodúcese con efectos do día 15 de novembro do 2024.

**SEGUNDO.** O proceso reactivarase coa constitución dos tribunais nomeados.

Santiago de Compostela, 15 de novembro do 2024

O Director Xeral da CRTVG

  
 CORPORAÇÃO  
RADIO E TELEVISIÓN  
DE GALICIA  
Dirección Xeral

Alfonso Sánchez Izquierdo